

NOTA INFORMATIVA AXENDA

Sábado 29

13.15 h.

No Salón Nobre da Casa do Concello, recepción aos participantes nas Xornadas da Asociación de Gastronomía Internacional.

Domingo 30

12.00 h.

No Teatro Principal, concerto da Banda Municipal de Música de Santiago. Dirixe: X. Carlos Seráns Olveira. Programa:

I

Lo cant del Valenciá.....P.D.....P. Sosa
Rosamunda.....Obertura.....F. Schubert
Maese Pérez o organista.....J. Gómez

II

Coppelia.....Fantasía.....L. Delibes
Capricho italiano.....P. I. Tchaikowski
Pontearreas.....P.D.....R. Soutullo

Martes 2

11.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Educación e Mocidade, Elvira Cienfuegos, para presentar a apertura de matrículas da Escola Infantil de Fontiñas e da Escola Municipal de Música; o Festival de Danza Intercentros e o intercambio cultural coa Escola de Música de Premiá de Mar.

12.00 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de cultura, Néstor Rego, para presentar a programación cultural do mes de maio.

12.00 h.

No departamento de Deportes, en San Lázaro, **ROLDA DE PRENSA** do Concelleiro de Deportes, Manuel Portas, o presidente do C.D. Conxo, Salvador Forján, e o presidente do Santiago de Compostela C.F., Antonio Álvarez, para presentar o convenio de colaboración entre o Club Deportivo Conxo e o Santiago de Compostela C.F.

12.30 h.

Na Casa do Concello, o voceiro do grupo de goberno, Francisco Candela, exporá en **ROLDA DE PRENSA** o resumo dos acordos adoptados na última sesión da Xunta de Goberno Local.

Axenda cultural

Pódese consultar a axenda cultural en: www.compostelacultura.org

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2006

NOTA INFORMATIVA

REMATA O PRAZO PARA O PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

O Concello de Santiago de Compostela lembra que o próximo venres 5 de maio remata o período voluntario de pagamento do Imposto municipal de vehículos de tracción mecánica correspondente ao período impositivo 2006.

O pagamento poderá realizarse:

-Nas contas de recadación das **entidades colaboradoras**: Caixa Galicia, Caixanova, Banco Bilbao Vizcaya-Argentaria, Banco Gallego, Banco Pastor, Banco Santander Central Hispano, La Caixa e Banesto.

-A través dos **caixeiros das entidades colaboradoras** que dispoñan deste servizo.

-A través da **páxina web do Concello** (www.santiagodecompostela.org), na utilidade “Pagos en liña”.

-Nas **oficinas de Recadación municipal** (r/ Presidente Salvador Allende, nº 4, baixo, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres).

Rematado o prazo sinalado, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento e devengarán o recargo de apremio, os xuros de mora e os custos que se produzan.